



Intervención da presidenta do Parlamento no acto de firma do convenio entre o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas de Galicia

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2011
13.00h

Presidente del Tribunal de Cuentas,
Conselleiro Maior do Consello de Contas,
Membros do Goberno,
Deputados,
Representantes das entidades locais,
Autoridades,
Señoras e señores,

Para min e para a Institución que presido é unha honra acoller este acto de firma do Convenio de Colaboración entre o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas de Galicia para a implantación de medidas de coordinación da rendición telemática das Contas Xerais das entidades locais de Galicia.

Non me canso de repetir que, nestes momentos difíciles que estamos a vivir, a responsabilidade dos xestores públicos adquire especial relevancia. Termos como a eficacia e a eficiencia, e sobre todo a transparencia na actividade pública, deben impoñerse a calquera outra consideración.

Os cidadáns esixen (esiximos) que a xestión dos fondos públicos sexa cristalina, e coñecida por todos. Tal esixencia cúmprese coa rendición das contas dos entes que integran o sector público, e que son obxecto de fiscalización por parte dos órganos de control externo. Por iso, a labor que realizan o Consello de Contas e o Tribunal de Cuentas, no seu



respectivo ámbito competencial, reviste unha enorme transcendencia.

Como lles dicía ao comezo, acoller este acto no Parlamento de Galicia, a casa de todas as galegas e galegos, constitúe un motivo de especial satisfacción.

Por unha parte, porque nos permite ser testigos da sinatura dun convenio que facilitará a rendición das contas das entidades locais, evitando a duplicidade na remisión da documentación aos órganos de fiscalización externa e contribuíndo, por tanto, á mellora no control da actividade económico-financeira dos entes públicos.

Coa firma deste convenio ponse de manifesto que, con boa vontade e traballo conxunto, si é posible articular vías de colaboración institucional, como sucede neste caso entre un órgano con rango constitucional e outro de rango estatutario. Este acordo constitúe, sen dúbida, un exemplo a seguir, tanto polos resultados positivos que se derivarán da súa aplicación, como polo que supón de exemplo de entendemento e colaboración, demandas que con insistencia nos reclaman os cidadáns.

E, satisfacción, tamén, porque coa firma deste convenio, materialízanse as recomendacións que se viñan facendo desde o Parlamento, a través da súa Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, ao Consello de Contas de Galicia.

Este ano, na súa sesión de 15 de abril, a Comisión aprobou, entre outras, as seguintes recomendacións, que vou permitirme ler:

Recomendación núm. 4



O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a facilitar ao máximo, establecendo para isto os acordos de colaboración que sexan necesarios, tanto co Tribunal de Contas como coas administracións locais, o rendemento simultáneo e telemático das contas dos entes locais tanto ao Consello de Contas como ao Tribunal de Contas, tendo en conta ademais a dimensión e as dificultades técnicas que se lles presentan aos pequenos concellos para a rendición de contas.

Recomendación núm. 6

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a chegar a un acordo co Tribunal de Contas para que as entidades locais só teñan que presentar nun único acto as súas contas, a través do mellor procedemento telemático, o que será de utilidade e supoñerá un menor esforzo ao conxunto de concellos e deputacións.

Permítanme, por tanto, que lles felicite. Os meus parabéns polo que vai significar este convenio para as entidades locais.

Quiero, antes de finalizar, agradecer de maneira especial, la presencia entre nosotros de Don Manuel Núñez Pérez, presidente del Tribunal de Cuentas que, como máximo responsable de una de las principales instituciones del Estado, no ha dudado en desplazarse a Galicia para rubricar este documento.

Muchas gracias por su presencia, que revela su sensibilidad y su comprensión del hecho autonómico como uno de los pilares del Estado. Usted sabe, y su presencia así lo acredita, que cuando existe voluntad de colaboración por ambas partes, como sucede en este caso por parte de dos órganos consolidados, las instituciones funcionan mejor y responden más adecuadamente a las necesidades de los ciudadanos.



Gracias también a Luciano Fariña, conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia, y a todo su equipo, por el buen hacer y el rigor profesional que todos conocemos, puesto que sin su entusiasmo este acto no habría sido posible.

Concordia y entendimiento para impulsar la cooperación son, además, como ustedes saben, elementos inspiradores de la tarea que cada día se desarrolla en esta Cámara y son también los principios que caracterizan nuestra participación en órganos suprarregionales, como la Conferencia de Presidentes de Parlamentos Autónomos (COPREPA) que Galicia preside en la actualidad, y en la CALRE, Conferencia de presidentes de Asambleas Legislativas Regionales de Europa, cuya comisión permanente se reunió el pasado viernes en Santiago de Compostela.

Porque si la cooperación entre instituciones debe ser siempre una obligación, mucho más lo es en tiempos como los actuales.

La profunda crisis que atravesamos convierte a la cooperación en una exigencia ciudadana que debemos cumplir inequívocamente. Un exigencia a la que actos como el presente ofrecen cumplida respuesta.

Moitas grazas a todos pola súa presenza neste acto, e procedemos a continuación á firma do convenio.